


# OS COUTOS:

## *Covas e castros pre visitar*



O castro da Coroa (A Legiña)

*Na parte máis occidental do concello d'Ibias tán Os Coutos. Esta parroquia pode considerarse o apéndice d'Asturias na mesma provincia de Lugo, d'eí o interesante sincretismo cultural que presenta a zona. Pre chegar aló, hai que colle-la carretera que dende San Antolín vai a Sena, e despóis o desvío pra Os Coutos. Subindo por elí arriba, xa nos sorprenden as vistas d'unha das partes máis occidentales d'Asturias.*

↓ Fanny López Valledor

**V**ilarello, ún dos lugares dos Coutos, é o noso punto de chegada: elí ta a cova. Pra chegar a ela hai que segui-la carreira vella que vai salir a Galicia. Noutro tempo, cas bestias ye os carros, a zona taba mui transitada. Hoi non, ta case a monte. Ca pista nova, xa esfaltada, que vai a Valdeferreiros, este vello camín é paso pros tractores e pre xente que vai traballa-las fincas. Pro subindo por él, a mao direita, a poucos metros do poble, ún atopa *A Cova do Tesouro*; o primeiro que che chama a atención é a forma da súa boca: un corazón.

As primeiras informacióis que tuvemos d'ela eran poucas e sempre as mesmas: que na cova tuveran os moros e qu'unha vez metérase un can nela sin que se soupera máis d'él.

Según a xente, unha peisana de Parada (poble vecín a Vilarello), tando na casa, sintíu ladrar un can debaixo do piso da cociña. Dende aquela, empezóu a dicirse que fora o can que se metera na cova.

Investigacióis ye encuestas posteriores foron aclarando un pouco máis a cousa: nun poble vecín atopamos un rapaz qu'entróu nela hai unhos anos. Acompañabol un amigo inxeniero e, xa fora, chegaron á conclusión de qu'era unha mina.

Outras visitas ós veciños foron afianzando cada vez máis a existencia d'unha explotación mineira en Vilarello dos Coutos. Máis adiante, soupemos que levaban o mineral á Ferrería, qu'era naqueles tempos a fundición ye unde traballaban o ferro. A Ferrería ta a poucos quilómetros da cova ye aínda pódese ve-la casa, anque hoi hai elí un muín d'auga.

Case nun hai duda de qu'o mineral recollido, polo menos na época máis vella, era o ouro. Tamos dentro da gran franxa aurífera que vai dende o Cantábrico hasta o norte de Portugal, tan rica en explotacións d'este metal.

Neste xeito, a toponimia pode, en ocasións, deixar rastro: esí, ó pé mesmo da explotación ye a poucos metros da cova, hai unha casa qu'aínda hoi é *A*

*Casa de Dourado.*

Creo que nun podemos terminar sin facer unha pequena referencia ó castro de Vilarello, de gran interese segun os entendidos, e que nun puidemos visitar por culpa da xeadada ye o mal tempo.

Como xa sabemos, o máis normal é qu'os castros aproveiten prá defensa as condicións naturais do terreo; ás veces, estas condicións veían da maía das voltas d'un río que vai facendo unha especie de península na que se practica unha fosa.

No castro de Vilarello o corte foi tan fondo qu'alcanzou o cauce do Río Navia, circulando as súas augas polo castro e convertíndolo en unha verdadeira isla. Cremos que merece a pena facerlle unha visita.

Na mesma parroquia dos Coutos ta A Legúa. Neste pobo asturiano, na raya mesmo da provincia de Lugo, atópase o castro *da Coroa*, situado na montaña ye a esquerda do Río Navia.



A Cova do Tesouro

Este castro aséntase nun teso redondo que se xunta á ladeira da montaña por unha especie de península. O teso, que forma un cabezo aislado, vai facendo unha coroa e d'el vénlle ó castro o seu nome.

Non son moitas as cousas encontradas no castro: sábese d'un home qu'atopou por elí arredor un muín de mao e qu'ol levou prá súa casa. Moitos veciños descubriron tamén pedazos de cerámica e barro ó traballa-la terra.

É pouca a información que puidemos recoller do castro: Saúl de Lameiro, un veciño da Legúa, falounos de todo o qu'ouíra dicir d'el e do que recordaba cuando iba elí cas ovellas sendo neno; a conversación grabouse e foi transcrita respetando sempre o

contido ye a forma transmitidos polo relator. Anque conserva os rasgos lingüísticos fundamentais da zona, a fala do informante débelle moito ó influxo do castelano.

## FALANDO CON SAUL DE LAMEIRO

*Hai unha muralla arredor, unha zona amurallada qu'é como unha trincheira. Dícese qu'habitou elí unha xente máis antiga qu'os romanos: dícese qu'eran edicios ou egipcios.*

*Esta trincheira arredor tiñanal pre defendese, porque desde elí dícese que tiraban con flecha. Tiñan unhas camiños ou zanjás pre ir no posible sempre protegidos.*

*Cuando éramos nenos ye íbamos pre'el cas ovellas xuntábamonos cos de Marcelín, e polo lado de Marcelín había como unha entrada con tres paredes moi ben feitas; calcúlase que pode ser unha entrada ou unha chiminea; díciase qu'era unha chiminea porque taba moi afumada e suponse qu'elí os antigos cocían o barro e tamén traballaban o ferro dentro do entallo do castro.*

*Ó escarvar encontrábase cachos de barro, cazolas de barro. Os de Marcelín empezaran a desfacer esa entrada con tres paredes e dicían que deberan atopar tamén algo, como unha argola que podía ser d'ouro ou podía ser de cobre; unha argola circular e cas puntas pasadas ye un pouco abertas. Tamén se dicía qu'esos dichosos personaxes levaban como unhas adornos, e que podía ser ún dos adornos en cuestión.*

*Tamén se dice qu'un ano sementaran pan detrás do castro e qu'Olivia d'Alfonso atopara arando unha pedriña d'ouro.*

*Dícese tamén que na zona máis ó Sur había unha ventá que s'entraba horizontal por ela [Saúl ouíu esto ó seo abolo]. Pois resulta que de brao é*

*unha zona moi fresca porque é alto ye había sombra, e por ún dos lados deixaban as ovellas por elí, pro se veí qu'as ovellas entraban por esa ventana e caían e desaparecían; ye entón tapáronal, pro antes de tapala parece qu'unha señora da Casa de Gorgorio ou unha da Casa do Chao foi por elí adiante hasta un sitio que s'empezaba a descender como se fora unha rampla ou unha escaleira e que s'ocultaba a través do terreo.*

*Dícese qu'unha vez tiraron un pao de ferro e que soú por elí e que foi marchando hasta que se perdeu o ruído.*

*Tamén se dice qu'o castro tiña unhas pasaxes suterráneos qu'abóra nun se sabe, nun se recuerda únde irían salir; nun se sabe se é solo na modorra ou tiñan unhas camiños ocultos suterráneos que nun se sabe únde irían.*

*Hai anos a cualquier momento aparecíanche escorias de ferro como de ferreiros, qu'aínda hoi vense nos ferreiros. Tamén aparecían cachos d'olla de barro. Sería fácil atopar cachos de barro con pouco que s'escarvara.*

*Facíanlles marchar á forza porque viñan outras tribus qu'empuxaron a éstas a huir; nun se sabe cómo era o habitáculo por dentro, se eran cuevas paredadas ou non...*

*Tamén se veí por riba unhas vaguadas que se puidera calcular de qu'en so día cederan os techos.*

*Dícese tamén qu'a leyenda taba escrita en árabe e debía ser moi difícil lela, ye incluso qu'había que lela de dereita pre izquierda. ~~~*